

28 Xuño

Día Internacional do Orgullo

Reivindica o respecto á diversidade sexual e o dereito das persoas a viviren con liberdade a súa orientación sexual e identidade de xénero, sen temor a discriminacións nin represalias



Orixe: Conmemora os *Disturbios de Stonewall* de 1969, considerado o acontecemento fundamental que orixinou o movemento LGTB moderno, para reafirmar o sentimento de orgullo sobre as identidades e orientacións sexuais e de xénero tradicionalmente marxinadas e reprimidas, e para visibilizar a súa presenza na sociedade e seus reclamos.

Stonewall Inn era un local clandestino para homosexuais situado no barrio neoiorquino de Greenwich Village.

Os propietarios tiñan axentes de policía subornados para que os avisasen das redadas con antelación e ignorasen as actividades do pub. As redadas nestes locais eran algo habitual nesa época. Pero a madrugada do 27 ao 28 de xuño, axentes da Oficina de Alcol, Tabaco e Armas de fogo irromperon no establecemento, pedíronlles os documentos de identidade ás persoas presentes e arrestaron varias transexuais que non cumprían coa lei ao non levar postas, polo menos, tres pezas de roupa do sexo que constaba nos seus documentos de identidade. Os asistentes negáronse a que lles inspeccionasen os xenitais para verificar o sexo, e terminaron por rebelarse contra os axentes.

Ese día, inesperadamente, a policía perdeu o control da situación e os clientes e demais persoas que se achegaron ao lugar rebeláronse. A tensión entre a policía e os veciños gais de Greenwich Village durou varios días.

En cuestión de semanas, o colectivo organizouse e realizaron manifestacións espontáneas e violentas para lograr dispoñer de lugares onde os homosexuais puidesen estar libremente sen temor a ser arrestados.

A comunidade LGBT loitaba para demostrar que as persoas homosexuais eran parte da sociedade, contra un sistema que perseguía a persoas non normativas (LGBT, persoas racializadas...). Así mesmo, loitaban para fomentar unha cultura de non confrontación entre homosexuais e heterosexuais.

As persoas LGTBI estiveron moi discriminadas durante os anos 50 e 60: non podían exercer a medicina, o dereito ou o ensino, nin tampouco se lles permitía traballar para o Estado e eran tratadas como trastornadas mentais e criminais.

Hoxe en día, en moitos países do mundo a homosexualidade e a condición sexual non tradicional seguen estando castigadas socialmente e criminalizadas; en moitos outros, aínda que as leis as amporen, non están aceptadas socialmente.

Marchas polo Día do Orgullo LGTBI

As primeiras marchas do Orgullo tiveron lugar en 1970 en Nova York e Os Ánxeles.

Co paso dos anos, moitas cidades fóronse sumando a estas marchas en todo o mundo e desde entón acollen os desfiles do Orgullo Gai para reivindicar os seus dereitos.

En España, a primeira manifestación do Orgullo Gai fíxose en Barcelona o 28 de xuño do ano 1977, e a pesar de que entón a transexualidade e a homosexualidade eran ilegais, 5000 persoas saíron ás rúas para loitar polos seus dereitos. Ao final da manifestación, a policía cargou contra elas, co resultado de centos de persoas feridas e detidas.

Un ano despois, Madrid e Barcelona organizaron a manifestación do Orgullo. En Madrid acudiron 7000 persoas e en Bilbao houbo concentracións.
